



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

DECRETO DE ALCALDÍA

BASES DE CONCURSO DE ENTROIDO DE OUTEIRO DE REI 2023 NAS CATEGORÍAS DE COMPARSAS OU GRUPOS, PARELLAS, INDIVIDUAL E INFANTIL.

BASES:

PRIMERA: O Concello de Outeiro de Rei convoca o tradicional concurso de disfraces coas seguintes categorías: comparsa ou grupos, parella, individual e infantil que se celebrará con motivo **do Entroido 2023 o domingo día 19 de febreiro a partir das 17:00 horas.**

O desfile que dará comezo as 18:00 horas terá lugar na praza da vila baixo carpa cuberta.

As bases estarán dispoñibles no Centro Cultural e na páxina web do concello (www.outeiroderei.gal) así como as follas de inscrición do mesmo.

SEGUNDA: A participación queda aberta a tódalas asociacións, barrios, colexios e persoas que o desexen.

A inscrición dos participantes farase na Casa da Cultura do 1 ao 16 de febreiro en horario de 10:00 a 14:30 horas ou ben mandando a folla de inscrición a xuventude@concellodeouteiroderei.org tamén o mesmo día de 17:00 a 17:45 horas.

Tódalas modalidades deberán nomear un representante legal maior de idade, para realizar tódolos trámites que será o que figure na folla de inscrición..

No caso de participantes menores de idade, o representante legal será responsable, en todo momento, do menor durante o concurso.

TERCEIRA: As modalidades nas que poderán participar son:

Comparsa ou grupo: Consideraranse comparsa ou grupo aquelas nas que participen un mínimo de 3 persoas, e teñan a temática do seu disfrace relacionada.

Parellas: participantes que pola súa condición requiran participar xuntos e teñan a súa temática do seu disfrace relacionada.

Individual adulto : Participantes maiores de catorce anos

Infantil: participantes ata os 14 anos inclusive.

Os participantes que desexen traer música aportarán a gravación nun pem con unha duración máxima de 4 minutos.

CUARTA: A cualificación dos participantes será determinada polo xurado do concurso que estará formado por un presidente (a concelleira de cultura ou persoa na que delegue) e dous vogais do concello actuando como secretario o vogal que sexa nomeado pola concelleira.

QUINTA: Cada membro do Xurado cualificará de 1 a 5 cada comparsa ou grupo, parella, individual e infantil, tendo en conta o deseño dos traxes, a imaxinación , a orixinalidade e a simpatía dos participantes.

No suposto de empate á puntuación da concelleira considerarase como dobre.

SEXTA: Concederanse os seguintes premios:

A)COMPARSAS OU GRUPOS

1º PREMIO 500€

2º PREMIO 350€



3º PREMIO 200€

B) PARELLAS

1º PREMIO 200€

2º PREMIO 120€

C) INDIVIDUAL

1º PREMIO 150€

2º PREMIO 100€

D) INFANTIL

1º PREMIO 150€

2º PREMIO 100€

Premio especial para comparsas de Outeiro de Rei de 150€ sempre e cando non leven ningún dos tres premios de comparsas, para poder acceder a este premio o 80% dos compoñentes debe ser do municipio.

Os premios poderán ser considerados desertos polo xurado do concurso , ou inclusive outorgar ata tres premios especiais por un importe de 100€, 60€ e 50€ se o xurado o considera necesario.

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF de acordo coa lexislación vixente.

SÉTIMA: A entrega de premios terá lugar o mesmo día da celebración do concurso unha vez feita a avaliación polo xurado, mediante a lectura da acta correspondente.

OITAVA: Autorización do dereito de uso da imaxe e datos en cumprimento ó disposto pola Lei orgánica 03/2018 de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Outeiro de Rei informa de que os datos persoais que se solicitan nestas bases serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Outeiro de Rei, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Tódolos participantes polo feito de inscribirse, autorizan ó Concello de Outeiro de Rei a realizar e utilizar as fotografías e vídeos tomados no transcurso do Concurso e facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsable nas súas respectivas tarefas de información e difusión. Se o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicandollo a este Concello.

NOVENA: A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

